



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A xestión da diversidade sexual e de xénero desde unha perspectiva de dereitos

CONVOCATORIA: IGUALDADE, convocatoria

GRUPO: Consellería de Política Social e Igualdade

ÁREA: Igualdade e violencia de xénero

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 10/04/2025 - 09:00h ao 16/04/2025 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

O obxectivo principal da formación “A xestión da diversidade sexual é de xénero dende unha perspectiva de dereitos” é achegar ás participantes unha visión das realidades LGBTI dende unha perspectiva ampla, facendo un percorrido polas diferentes transformación acontecidas cunha unha perspectiva de dereitos dende un contexto amplo ata o caso galego. Incorporando unha perspectiva histórica, con especial atención ao marco establecido pola Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, ata os mais recentes avances legislativos nesta materia, achegarémonos ao coñecemento e fomentaremos a sensibilización sobre a diversidade sexoxenérica, explorando as demandas a necesidades actuais das persoas LGBTI galegas, as diferentes dimensións das violencias contra este colectivo, compartindo por último estratexias para a incorporación da dimensión LGBTI nas políticas públicas.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; das entidades locais; da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

PROGRAMA

- Módulo 1 -
A realidade da diversidade sexoxenérica
Conceptos chave sobre diversidade sexual
Estereotipos e mitos ao respecto das persoas LGBTI
- Módulo 2 - Dereitos LGBTI
Dereitos humanos, marco legislativo e políticas públicas LGBTI: evolución, retos e respostas
A diversidade sexual no contexto galego: necesidades e demandas específicas
- Módulo 3 - Violencias LGBTIfóbicas e situacións de vulnerabilidade
Formas de discriminación e violencias LGBTIfóbicas: especificidades e consecuencias
Ferramentas e indicadores para a identificación de situacións de vulnerabilidade
Incorporación dunha perspectiva interseccional con outras formas de discriminación
- Módulo 4 - A inclusión da diversidade sexual nas políticas públicas.
Análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galicia - O Foro Identidades e Disidencias Sexuais
Diversidade sexual e ámbitos específicos de intervención: educación, emprego, servizos sociais e saúde

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Criterios xerais da EGAP.

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		INICIO / FIN: 02/10/2025 a 23/10/2025
NUM. PRAZAS: 50	ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	DATA EXAME: 28/10/2025 ás 17:30h
DOCENTES NOMEADOS		
REXENERANDO S. COOP. GALEGA		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
Proba final en liña.		